

ASUNTO	Recomendación expresa de non traer o teléfono móbil ao instituto
COMEZO DE APLICACIÓN	A partir do 6 de abril de 2021, terceiro trimestre do curso 2020-2021

Prezados pais e nais de alumnado en 3.º e 4.º ESO:

A dirección do instituto desexa transmitirllas con esta comunicación a necesidade de contar coa súa colaboración para restrinxir os uso do teléfono móbil do alumnado durante o horario escolar. Por unha banda, apelamos ao cumprimento da normativa vixente na que textualmente “*prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos*”¹. E por outra, facemos constar expresamente o apartado das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do centro: “*Recoméndase, polo tanto, que non traian o teléfono ás clases*”².

O motivo principal desta solicitude neste momento fundaméntase na decisión maioritaria do claustro de profesores e profesoras. Como foi aprobada o pasado 4 de marzo comezará a aplicar no terceiro trimestre do curso, que comeza o vindeiro 6 de abril, do seguinte xeito:

O IES de Mugardos recoméndalles expresamente ás familias que os alumnos e alumnas de 3.º e 4.º ESO non traian teléfonos móbiles ao centro.

Ao abeiro da citada Lei 4/2011, lembramos que “*O profesorado está facultado para requirir ao alumnado (...) a entrega de calquera obxecto (...) que poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares*”.

Agradecemos a súa comprensión desta solicitude. Entre todos e todas desexamos que redunde na mellora da convivencia, o éxito escolar e mais o benestar da comunidade educativa.

Atentamente,

Serafín Álvarez Rodríguez
Director do IES de Mugardos

1 Attigo 19.3 - [DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar](#)

2 Punto 9.4.2 - [Normas de Organización e Funcionamento do IES de Mugardos](#)